

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACION PEÓN/A FORESTAL (APROL RURAL 2024)

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003

ANTECEDENTES:

ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro)

Providencia de esta Alcaldía, de data 23 de abril de 2024

Bases que rexerán a convocatoria pública para a contratación de 29 de abril de 2024

Decreto 127/2024 de data 29/04/2024 polo que se aproban as bases que rexerán a contratación e formación dunha bolsa de emprego, mediante concurso-oposición para a contratación dun/ha peón forestal durante 9 meses ao abeiro da orde de convocatoria TR351G

Oferta de emprego de data 29/04/2024 presentada ante a oficina de emprego publica correspondente e recibidas candidaturas á mesma

Decreto 141/2024 de data 10 de maio de 2024 polo que se aproba a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo.

Decreto 151/2024 de 15/05/2024 no que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas, nomeamento do tribunal e convocatoria as persoas aspirantes para a realización do proceso selectivo

Vista a Acta do tribunal designado para o proceso selectivo de data 22 de maio de 2024 e publicado anuncio na sede electrónica do Concello o 23 de maio.

Non constando alegacións ás puntuación outorgadas polo tribunal.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Adxudicar a praza de de peón forestal a favor da persoa candidata con iniciais JAOL e DNI ***3175**, e comprometer o gasto e contratala, a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e inserción laboral (código de contrato 405) , dende a data de formalización do contrato até completar un total de nove (9) meses.

SEGUNDO: Aprobar a lista de reserva, na orde que se relaciona a continuación

ORDE	INICIAIS	DNI
1º	OALD	**354****
2º	JMLR	***5431**

TERCEIRO: Asignar o importe necesario para financiar os conceptos de custos salariais, cotización empresarial á Seguranza Social e indemnización por fin de contrato.

CUARTO: Informar ao interesado e ao Pleno municipal na primeira sesión ordinaria que realice.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Ana María Reyes Cambre, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).